

RECOMENDACIÓNS PARA TODOS OS DÍAS 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Gustaríame recomendarvos unha serie de **IDEAS OPCIONAIS** para manter un horario e unhas rutinas nestes días de "corentena", que poidan axudar a que o ritmo de traballo e autonomía das nenas e dos nenos non se vexa prexudicada:

- Elaborar un **horario diario** (de luns a venres) no que se inclúan actividades como por exemplo: tempo de lectura diario (por exemplo uns 30 minutos como mínimo), tempo para realizar as actividades propostas na páxina web, tempo de lecer, etc.

- **Diario do Coronavirus:** considero unha boa idea que as nenas e os nenos redacten diariamente como están a vivir estes días de "illamento" dentro da casa: que conten o que ven ao seu redor, como se senten eles e elas, como se vive na casa e na familia... Será un bo xeito de contar como vivimos cada un de nós esta situación cando volvamos á nosa aula cos compañeiros e profesores.

- Para completar as suxestións que irei colgando na páxina web, propóño-vos os seguintes enlaces onde as nenas e os nenos poderán visualizar vídeos explicativos dos contidos que levamos vistos:

- APP ACADEMONS: <https://www.academons.com/#> (aplicación que podedes descargar en tablet): aí poderán /seleccionar contidos en función da materia e curso e repasar xogando).
- www.mundoprimaria.com (nesta páxina poderedes atopar xogos educativos de tódalas materias e para o nivel de 4º de primaria).
- <https://recursossep.com> nesta web atoparedes actividades para todas as materias de 4º de primaria, así como enlaces a outras webs onde aprender a través do xogo.

Agradecervos dende aquí a vosa comprensión e colaboración nestes días de tanta incertidume para todos, maiores e pequenos... Lembraide que para calquera dúbida estou en contacto con vós a través da aplicación Abalar, escribide sempre que o necesitedes.

O mércores 18 de marzo subirei á web material por materias.

Moitas grazas a todas e todos.

Ana Mª Barro Casas

Titona de 4°EP